

RESUMO

O ESPAZO XEOGRÁFICO ESPAÑOL E AS CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DO SEU RELEVO SON:

- Ter unha extensión duns 506.000 Km² comprendida por un espazo peninsular (que ocupa o 97,5% do territorio), as illas Baleares, as illas Canarias, Ceuta e Melilla e algúns illotes.
- Posuír unha gran diversidade física e humana debida a súa situación xeográfica.
- Tres características básicas ten o relevo peninsular: forma maciza, altitude media elevada e disposición periférica dos rebordos montañosos.

EVOLUCIÓN XEOLÓXICA DO RELEVO

- **Era precámbrica:** formación da banda noroeste-sueste.
- Era primaria: formación dos macizos Hespérico, de Aquitania, Catalano-Balear, do Ebro e Bético-Rifeño. Prodúcese a oroxénese Herciniana.
- **Era secundaria:** procesos de erosión e sedimentación. Transgresión e regresión mariña. Formación das illas Canarias como consecuencia da fractura da placa africana coa sudamericana.
- **Era terciaria:** oroxénese alpina: creación das montañas xoves (tectónica de pregamento) e as montañas vellas (tectónica de fractura).
- **Período cuaternario:** glaciario e formación de terrazas.

TIPOS DE UNIDADES MORFOESTRUTURAIS

- Zócolos.
- Macizos antigos.
- Cordilleiras de pregamento (intermedias e alpinas).
- Concas sedimentarias ou depresións.

A LITOLOXÍA E O TIPO DE RELEVO

- **Área silíceas:** formada por granito, lousas, cuarcitas e gneis. Localizada principalmente no oeste peninsular, Sistema Central, Montes de León, Serra Morena, Pireneo Axial, algúns sectores do Sistema Ibérico e cordilleira Costeiro-Catalana e cordilleira Penibética.
- **Área calcarias:** formada por rocha calcaria. Localízase nas cordilleiras da península formando unha “z” invertida: Cordilleira Costeiro-Catalana, Pireneos, Montes Vascos, Sistema Ibérico, cordilleira Subbética, cordilleiras das illas Baleares. Modelado cárstico: lapiás, foces, poljes, dolinas, covas e simas.
- **Área arxilosa:** formada por rochas sedimentarias: arxilas, margas, conglomerados e xesos. Localízase nas depresións da Meseta Central, na depresión do Ebro e Guadalquivir e nas franxas litorais. Nas áreas de clima seco ou árido fórmanse cárcavas e badlands.
- **Área volcánica:** situada principalmente nas Canarias pero tamén existen certas comarcas peninsulares coa presenza deste rochedo (Campo de Calatrava, Olot).
- **Erosión diferencial:** a reacción ante os axentes erosivos do diferente tipo de rochedo localizado dentro dunha mesma área, xenera este tipo de erosión. Os



- estratos poden estar disposto horizontalmente: **paisaxe tabular**, inclinados: **relevo en costa** ou pregados: **relevo apalachense** ou **xurásico**.

AS UNIDADES DO RELEVO SON:

Dentro da península:

- **Meseta Central:** altiplano dunha altitude comprendida entre os 600 e 800 m inclinándose lixeiramente cara o oeste. Está dividida por dúas submesetas: **Norte** e **Sur**. Predomina a penechira na súa parte occidental e as concas sedimentarias interiores no sector central e oriental.
- **As cordilleiras interiores: Sistema Central e Montes de Toledo.**
 - **Sistema Central:** sirve de divisoria das dúas submesetas. É un bloque de materiais hercinianos levantados polo pregamento alpino que fixeron resquebraxar a estes. A elevación montañosa cubre unha distancia duns 600 kms. de orientación NL-SO. As serras máis destacadas son: **Serra de Ayllón**, **Somosierra**, **Guadarrama**, **Gredos (Pico Almanzor 2.592)** e **Serra de Gata**.
 - **Montes de Toledo:** divide a submeseta Sur pola metade. Ten similitude estrutural coa anterior pero ten un tamaño menor. Destaca a **Serra de Guadalupe (Villuercas 1601 m.)**
- **As cordilleiras periféricas:** cordilleiras que bordean á Meseta Central externamente.
 - **Montes de León:** situada no noroeste peninsular. Vello macizo levantado e fracturado durante a oroxénese alpina. Destacan os macizos da **Segundeira** e **Cabrera**. O pico máis elevado é o **Telero** (2.188 m.).
 - **Cordilleira Cantábrica:** separa o mar Cantábrico da meseta interior da península. Ten dous sectores o occidental e o oriental. O **sector occidental** está composto por materiais da era primaria dobrados e fallados na parte oriental deste sector, afloran calcarias da era primaria que configuran os **Picos de Europa**, onde se localizan os cumes máis elevados: **Torre Cerredo**, **Naranjo de Bulnes**. O **sector oriental:** está formado por sedimentos calcarios depositados durante a era secundaria e afectados pola oroxénese alpina destacando **Castro Valnera**.
 - **Sistema Ibérico:** cordilleira intermedia (tectónica de fractura e de pregamento mesturada) de orientación noreste-sueste. Dividida en dous sectores: un setentrional e outro meridional. No **sector setentrional** localízanse as maiores altitudes (**Demanda**, **Picos de Urbión** e **Moncayo**). O **sector meridional** divídese en dúas pólas: interior ou castelá (Serra de Albarracín, Serranía de Cuenca e o exterior ou aragonés: **Javalambre**, **Gúdar**. Separados polo **corredor de Calatayud-Teruel**.
 - **Serra Morena:** separa a submeseta Sur da depresión do Guadalquivir. Trátase dun escalón rectilíneo fallado ou flexionado dependendo do sector do que falemos. A serra de **Aracena**, **Almadén** e a **Madróna** son as máis importantes.

- **As cordilleiras exteriores**

- **Macizo Galaico** singularízase doutras unidades do relevo por ter un relevo intenso e compacto, presenza de rochas silíceas con predominio do granito e presentar un medio bioclimático que o diferencia doutros peninsulares. O relevo está moi compartimentado debido á tectónica de fractura e destacan as **Serras Setentrionais (Xistral)**; **Dorsal Galega** ou **Centro Occidental**: Faladoira, Faro, Farelo, Suído...; **Serras orientais ou sudorientais**: **Ancares, Courel, Eixe, Queixa, Xures**; **Serras Litorais Occidentais** e **Penchairas** e **depresión interiores**: Terra Cha, Sarria, Monforte, As Pontes, Limia....

- **Montes Vascos**: situados entre a cordilleira Cantábrica e os Pireneos. **Peña Gorbea**.

- **Pireneo**: cadea montañosa duns 440 km. Dividida en **Pireneo Axial**: eixo central e directriz da cordilleira onde afloran os materiais paleozoicos fracturados e elevados. Aquí sitúanse as cotas máis altas da cordilleira: **Aneto** (3404 m.), Possets formando parte dos **Montes Malditos** ou **Monte Perdido**. **Prepirineo**: serras pregadas paralelas ao Pireneo Axial. **Collarada, Guara**. A **Depresión media** como a **Canle de Berdún**.

- **Cordilleira Costeiro-Catalana** separa a depresión do Ebro do mar mediterráneo. Dividida en varios sectores: **cordilleira Prelitoral** a máis elevada e situada no interior: **Montseny** e **Montserrat**. **Depresión Prelitoral** situada no medio: Camp de Tarragona, Penedés ou Vallés e **cordilleira Litoral**, pegada á costa: **Montenegre** e **Garraf**.

- **Cordilleiras Béticas** de gran complexidade xeolóxica. Dividida en tres sectores: **cordilleira Subbética** situada cara o interior da península. Formada por materiais da era secundaria e terciaria pregados formando importantes mantos de corremento. Destacan: **Grazalema, Segura, Cazorla**. **Cordilleira Penibética**, a máis próxima a costa, a máis elevada. Formada por material da era primaria fracturado e posteriormente elevado durante a oroxénese alpina. **Serra Nevada** co pico **Mulhacén** (3481 m.) é o teito peninsular. **Depresión intrabética** situadas entre as dúas cordilleiras anteriores.

- **Depresión exteriores**

- **Depresión do Ebro e do Guadalquivir**: areas de depósitos sedimentarios durante a era terciaria. A depresión do Guadalquivir está aberta ao océano Atlántico, a depresión do Ebro está pechada, pola Cordilleira Costeiro-Catalana ao Mediterráneo.

- **Relevo insular**

- **Baleares**: Mallorca e Eivissa ligadas á cordilleira Subbética. Menorca á cordilleira Costeiro-Catalana.

- **Canarias**: relevo volcánico.

A COSTA ESPAÑOLA



- **Costa cantábrica:** cantís, rasas, pequenas rías e escaseza de praias.
- **Costa atlántica-cantábrica galega:** rías.
- **Costa atlántica andaluza:** marismas, frechas, campos de dunas.
- **Costa mediterránea:**
 - **Sector bético:** cantís, albufeiras e terrzas.
 - **Golfo de Valencia:** praias, albufeiras, deltas e tómbolos.
 - **Litoral catalán:** deltas, praias e acantilados.
- **Costa balear:** praias, calas e acantilados.
- **Costa canaria:** acantilados e praias.